



**PROXECTO  
LINGÜÍSTICO  
DO  
IES DE QUIROGA**

# Índice

1 SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	3
2 ANÁLISE DOS USOS LINGÜÍSTICOS DO CENTRO.....	4
2.1 Materias que se impartirán en galego.....	4
2.2 A lingua galega como lingua de uso noutras actividades do Centro e no Centro. .....	5
3 OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ACADAR.....	6
3.1 Obxectivos xerais.....	6
3.2 Obxectivos específicos.....	6
4 MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA FOMENTAR O DOMINIO DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS E SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS IMPARTIDAS.....	7
4.1 Alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros de lingua castelá con nulo ou insuficiente coñecemento da lingua galega.....	7
4.1.1 Alumnado sen exención en lingua galega ( 1º, 2º ou 3º de ESO) .....	7
4.1.2 Alumnado con exención en lingua galega.....	8
4.2 Alumnado procedente doutros países estranxeiros con nulo ou insuficiente coñecemento das dúas linguas oficiais.....	8
5 LINGUAS ESTRANXEIRAS: INGLÉS E FRANCÈS.....	8
5.1 Materias que se imparten en Inglés e francés.....	8
5.2 Obxectivos.....	8
5.2.1 Obxectivos xerais.....	9
5.2.2 Obxectivos específicos.....	9
5.3 Medidas de apoio e reforzo para fomentar o dominio da lingua inglesa.....	9
5.3.1 Alumnado que non ten un nivel adecuado de coñecemento da lingua inglesa.....	9
5.3.2 Alumnado procedente de países estranxeiros con nulo coñecemento da lingua inglesa.....	10
5.3.3 Alumnado con ACI.....	10
5.4 Exención de lingua francesa.....	10
6 DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.....	10
7 NORMATIVA E AVALIACIÓN.....	11

## 1 SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

A maioría do alumnado non se declara galegofalante aínda que si o sexa o seu ámbito familiar. Séntese cómoda en calquera das dúas línguas xa que declara ter adquirido a outra lingua antes dos catro anos e indican en maior proporción que a adquiriron na escola . Os usos que fan dela coa familia, coa veciñanza e coa escola correspóndese co sentimento de cal é a súa primeira lingua. No uso cos amigos/as hai unha tendencia a usar o castelán antes que o galego. Na maior parte dos casos ningunha das linguas lles é allea e cando queren fálanas sen ningún tipo de problemas.

Dado que área circundante ao centro, a comarca de Quiroga, é maioritariamente de galegofalantes, asistimos á diferenciación de usos propia da diglosia, a unha deterioración do galego oral e a unha perda de falantes asociada ao proceso de urbanización e despoboamento do rural. Para frear este retroceso cumpriría, ademais dos esforzos realizados no centro, que claramente axudan a soste a situación, a implicación das familias para melloralas.

As enquisas realizadas no centro, deron os seguintes resultados:

### HISTORIA SOCIOLINGÜÍSTICA

#### LINGUA MATERNA

Galego 24%          Castelán 73%          Outra 3%

#### IDADE NA QUE SE ADQUIRIU A SEGUNDA LINGUA

0-4 anos 71%          4-6 anos 24%          6-12 anos 3%          +12 2%

#### ÁMBITO ONDE SE ADQUIRIU A SEGUNDA LINGUA

Familia 39%          Amigos 5%          Escola 55%          Outros 1%

### ÁMBITOS DE USO

#### LINGUA ENPREGADA A NIVEL ORAL

Case sempre galego 10%          Máis galego que castelán 7%

Case sempre castelán 44%          Máis castelán que galego 40%

#### LINGUA ENPREGADA A NIVEL ESCRITO

Case sempre galego 9%          Máis galego que castelán 7%

Case sempre castelán 46%          Máis castelán que galego 38%

## LINGUA EMPREGADA A NIVEL ORAL

Coa familia:

Galego 37%	Castelán 56%	Outra 6%
------------	--------------	----------

Cos veciños:

Galego 38%	Castelán 62%
------------	--------------

Na escola:

Galego 35%	Castelán 65%
------------	--------------

Cos amigos:

Galego 15%	Castelán 85%
------------	--------------

Hai que resaltar o feito de que:

- A lingua de comunicación entre as familias está situada nunha alta porcentaxe favorable ao galego fronte ao castelán, pero a lingua que transmiten ós fillos tende a se-lo castelán.

- A maioría ve como normal que o lugar onde se aprende mellor o galego é na escola ou na propia casa.

## 2 ANÁLISE DOS USOS LINGÜÍSTICOS DO CENTRO

No ámbito administrativo o IES de Quiroga en toda a súa documentación interna e externa (agás aquela que teña que producir efecto fóra da comunidade autónoma), en todos os procesos de información aos diferentes sectores da comunidade, en todo o material que se utiliza no centro e que leva o nome deste, emprega como idioma de uso o galego.

Realízanse en lingua galega as funcións de organización, administración e xestión do centro polo que resulta innecesario adoptar medidas que potencien o uso da lingua galega nas actividades incluídas neste apartado.

### 2.1 Materias que se impartirán en galego

O emprego do galego a nivel docente está de acordo coa lexislación vixente.

Tanto nas materias de obrigado cumprimento, como nas que se imparten a maiores

en galego, o alumnado empregará, de preferencia, o galego nas manifestacións orais e escritas.

Por manifestacións orais enténdese: intervencións, exposicións, resolución de dúbidas, ou calquera outra derivada da impartición da materia correspondente. Por manifestacións escritas enténdese: actividades, exercicios, traballos de lectura, exames ou calquera outra.

A continuación achégas a relación das materias (excluindo as de obrigado cumprimento en cada unha das dúas linguas e as linguas modernas) que se imparten en galego:

ESO

1º CURSO

Educación Física, Relixión / Valores éticos, Iniciación á informática / Obradoiro de música

2º CURSO

Educación Física, Música, Relixión / Valores éticos, Investigación e tratamento da información / Promoción de estilos de vida saudables.

3º CURSO

Educación Física, Relixión / Valores éticos, Música, Cultura clásica

4º CURSO

Educación Física, Relixión / Valores éticos, Filosofía, TIC

BACHARELATO

1º CURSO

Educación Física, Física e Química, Filosofía, Antropoloxía, Anatomía aplicada, Matemáticas aplicadas, Relixión e Afondamento en matemáticas

2º CURSO

Relixión, Física, Química, Historia da Filosofía, Matemáticas aplicadas e afondamento de matemáticas, Tecnoloxía industrial II, Tic II

## **2.2 A lingua galega como lingua de uso noutras actividades do Centro**

A lingua galega é a lingua de uso nas actividades programadas polo Equipo de

Dinamización Lingüística, actividades que se especifican na adenda anual.

Composición lingüística da biblioteca do centro: Tanto o Departamento de Lingua Galega e Literatura como o Equipo de Normalización Lingüística velan para que a biblioteca e os departamentos conteñan unha completa bibliografía en lingua galega en canto a :

- Libros de lectura ordinaria.
- Libros de contidos académicos específicos. Especial fincapé nos libros STEAM e os que tratan de mulleres.
- Libros de consulta.
- Literatura clásica.
- Novidades editoriais.

### **3 OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ACADAR**

A lexislación sinala dous obxectivos finais sobre o tratamento que se lles dará nos centros ás dúas linguas oficiais:

- A normalización lingüística na vida escolar.
- Conseguir que as alumnas/os acaden unha boa competencia na dúas linguas oficiais.

Estes obxectivos son de longo alcance e, polo tanto, non se pode deixar a posibilidade de acadalos, a expensas do que aconteza nun só curso. Trátase de instaurar unha dinámica de funcionamento, de enfrontamento das dificultades e de proxección dos resultados que se obteñan. Os prazos que se determinen deben ser o suficientemente extensos e flexibles.

#### **3.1 Obxectivos xerais**

- Aplicar á situación do centro os principios xerais que se recollen no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e no decreto 79/2010 para o plurilingüísmo.
- Contribuír á eliminación de prexuízos ou trabas lingüísticas, en calquera situación.
- Prestixiar o galego como lingua vehicular que se converte en instrumento dunha cultura que ofrece intereses para todos.

#### **3.2 Obxectivos específicos**

- Coidar que a vida administrativa e as relacións coa comunidade continúen a facerse en lingua galega.
- Usala como lingua vehicular nas áreas que determina a legalidade vixente e naquelas outras que sexa posible impartir en base ao compromiso particular do profesorado coa lingua galega.
- Incluír contidos específicos da realidade cultural galega nas programacións didácticas dos departamentos e nas actividades extraescolares.
- Animar á formación do profesorado e procurar a adquisición de instrumentos de uso didáctico co galego como lingua vehicular.
- Dispoñer de material para todas aquelas áreas que amosen disposición de impartir clases en galego.

#### **4 MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA FOMENTAR O DOMINIO DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS E SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS IMPARTIDAS**

##### **4.1 Alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros de lingua castelá con nulo ou insuficiente coñecemento da lingua galega**

###### **4.1.1 Alumnado sen exención en lingua galega ( 1º, 2º ou 3º de ESO)**

O Departamento de Lingua Galega, coa colaboración do Equipo de Dinamización Lingüística adoptará medidas de reforzo ou apoio para que o alumnado poida acadar os obxectivos marcados. Estas medidas concretaranse en:

- Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación sociolingüística e escolar dos alumnos.
- Realización de traballos apropiados encamiñados á adquisición e fixación das estruturas básicas da Lingua Galega.
- Ler textos seleccionados que faciliten a familiarización coas estruturas básicas e coa semántica así como a velocidade lectora en Lingua Galega.

No caso das materias que este alumnado recibe en lingua galega, os respectivos departamentos didácticos, coa colaboración do Equipo de Dinamización Lingüística, adoptarán medidas encamiñadas a que poidan aproveitar as ensinanzas que se imparten. Concretaranse en:

- Entrega e/ou adaptación de material apropiado a situación escolar do

alumnado.

- Entrega de bibliografía complementaria apropiada para facilitarlle o acceso aos contidos establecidos na programación.
- Especial atención por parte do profesorado ás dúbidas de comprensión e expresión idiomática.

#### **4.1.2 Alumnado con exención en lingua galega**

Segundo o establecido no artigo 15 do Decreto 124/2007 o alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 4º de ESO ou Bacharelato, procedentes doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro con lingua oficial Castelá, poderá obter a exención da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua Galega durante dous cursos académicos.

Este alumnado deberá asistir obrigatoriamente ás clases de Lingua Galega como medio de integración lingüística e demostrar un aproveitamento das ensinanzas que recibe cun esforzo especial pola súa parte.

Nas materias que se imparten en lingua galega rexerá o establecido no apartado anterior.

#### **4.2 Alumnado procedente doutros países estranxeiros con nulo ou insuficiente coñecemento das dúas linguas oficiais**

No caso da ESO, establecerase na avaliación inicial o grao de descoñecemento para aplicar, se fose necesario, unha ACI. Se non fose necesaria esta medida estudaríase a conveniencia doutras como agrupamento específico, pemar, reforzo educativo ou calquera das indicadas no apartado anterior.

### **5 LINGUAS ESTRANXEIRAS: INGLÉS E FRANCÉS**

#### **5.1 Materias que se imparten en Inglés e francés**

O uso lingüístico das linguas inglesa e francesa está restrinxido exclusivamente ás clases de Inglés e francés, tanto en ESO como nos cursos de Bacharelato. Tamén se utiliza para facilitar calquera tipo de material que se entrega ao alumnado para a realización de distintas probas, traballos ... etc.

Tanto o departamento de Inglés e francés como a Biblioteca do centro contan con fondos documentais para o uso do alumnado e profesorado do centro. Os fondos



conteñen dicionarios, gramáticas de consulta, libros de exercicios, unha variedade de títulos de lecturas graduadas e material de audio, lúdico e informático.

## **5.2 Obxectivos**

Con carácter xeral preténdese que o alumnado logre alcanzar unha competencia adecuada a cada nivel e alcance o coñecemento das linguas que lle permita unha comunicación tanto oral como escrita fluída e acorde co curso que realice.

### **5.2.1 Obxectivos xerais**

Os obxectivos xerais son os de consolidar as destrezas produtivas adquiridas nas etapas anteriores e que no transcurso da aprendizaxe sexan capaces de manter unha interacción e facerse entender nun determinado conxunto de situacións, expresarse de forma comprensible as ideas que quere dar a entender, comprender as ideas xerais dos textos en lingua estándar. Polo tanto cando finalice a etapa correspondente de estudo o alumnado terá que saber enfrontarse a problemas habituais de comunicación oral e escrita. Todos estes obxectivos xerais teñen en conta que a finalización de cada etapa supón un punto de partida para continuar coa aprendizaxe da lingua.

Ademais temos que ter en conta que a aprendizaxe dunha lingua estranxeira vai máis alá do marco das aprendizaxes lingüísticas, pois o seu coñecemento contribúe á formación do alumnado dende unha perspectiva integral en tanto que favorece o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas, desenvolve a conciencia intercultural é un vehículo para a comprensión de temas e problemas globais e para a adquisición de estratexias de aprendizaxe diversas.

### **5.2.2 Obxectivos específicos**

Os obxectivos específicos son desenvolver a competencia comunicativa do alumnado, garantindo que este asimile as regras gramaticais das linguas inglesa e francesa e adquiran o vocabulario básico necesario para comunicarse.

## **5.3 Medidas de apoio e reforzo para fomentar o dominio da lingua inglesa.**

No referente ás medidas de apoio e reforzo para fomentar o dominio de lingua inglesa temos que considerar dúas situacións:

### **5.3.1 Alumnado que non ten un nivel adecuado de coñecemento da lingua**

## **inglesa**

Neste caso o departamento de Inglés valorará as medidas máis adecuada para cada caso, valorando a necesidade de dividir o grupo se hai un número adecuado de alumnado que estea nas mesmas condicións e que deste xeito poidan recibir unha atención máis personalizada. A medida estará condicionada á dispoñibilidade de horario dos membros do departamento.

No caso do alumnado con un nivel insuficiente de coñecemento da lingua pero que só necesite unha certa axuda par mellorar, recibirá por parte do departamento o material necesario para mellorar progresivamente. Os traballos, exercicios e demais prácticas necesarias para a mellora do seu nivel serán elaboradas, seguidas e corrixidas polo departamento.

### **5.3.2 Alumnado procedente de países estranxeiros con nulo coñecemento da lingua inglesa.**

Neste caso particular o departamento valorará a necesidade ou non de facer unha adaptación da materia para o progresivo avance no coñecemento da lingua.

### **5.3.3 Alumnado con ACI**

Tanto no caso de alumnado do propio centro con ACI como o procedente doutros centros, o profesorado do departamento impartirá clases individualmente a este alumnado, sempre que haxa dispoñibilidade horaria. Segundo a lexislación vixente, o alumnado poderá recibir esta atención individualizada tanto dentro da aula como fora da mesma e durante un número máximo de horas establecido.

## **5.4 Exención de lingua francesa**

Segundo a lexislación vixente o alumnado que presente dificultades de aprendizaxe pode, despois de valoración por parte do departamento de orientación, ser proposto para recibir un reforzo educativo nalgunha materia en 1º e 2º da ESO en vez de asistir a clases de francés. Este reforzo será preferentemente nas áreas de matemáticas e das linguas cooficiais.

## **6 DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO**

Actividades para o desenvolvemento do proxecto:

- Espallar entre o profesorado e o alumnado todas aquelas novas que supoñan un avance na recuperación do prestixio social da lingua, por medio da páxina web do centro e un taboleiro para recollelas.

- Realizar carteis, slogans, etc. promovendo o uso do galego en todos os ámbitos
- Utilizar material en galego que, ademais do seu carácter formativo contribúa a facer desaparecer prexuízos: vídeos, cancións, películas, publicacións...
- Plan de animación á lectura dentro do club de lectura que se creou no centro para todos os cursos da ESO con premios para as/os mellores lectoras e lectores.
- Crear a figura do voluntario lingüístico entre o alumnado coa función de acoller a estudantes non galegofalantes, colaborar co EDL, etc.
- Proporcionar ao profesorado informacións sobre materiais didácticos, lingüísticos, tradutores, correctores...
- Ter ben dotada de libros e revistas en galego e biblioteca do centro.
- Continuar editando folletos, periódicos ou revistas sobre aspectos da vida escolar e da contorna.
- Realizar algunhas visitas para poñer ao alumnado en contacto coa realidade actual do país.
- Elaboración e exposición de traballos sobre feitos culturais de relevancia: o Magosto, o Samaín, o Nadal, o Entroido, as Letras Galegas, etc.
- Adquisición de material informático e audiovisual en galego: programas informáticos, recursos informáticos de diferentes materias, CD interactivos e filmografía en galego.
- Actualización e promoción da páxina web do centro.
- Instalación de programas informáticos en galego en todos os ordenadores do instituto.

## **7 NORMATIVA E AVALIACIÓN**

Este proxecto ten como referentes legais:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia
- Instrución do 31 de xuño de 2013 para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, tralos pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este.

Este plan, que será reelaborado cada catro anos, será presentado na comisión de coordinación pedagóxica para que se poidan incorpora-las súas achegas. De seguido debe ser avaliado e aprobado polo consello escolar e posteriormente será remitido ó servizo de inspección educativa.

Ademais, anualmente, elaboraráse unha addenda na que conste:

- Información sobre os programas e actividades que se realizarán no curso
- Valoración dos programas e actividades que se realizaron no curso anterior
- Observacións e conclusións relevantes, se as houber.

Este proxecto foi aprobado polo consello escolar en novembro do 2019